

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XULLO DE 2012.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. José Manuel González Álvarez

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día dezaseis de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 12 de xuño de 2012. Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 12 de xuño de 2012.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE XUÑO-XULLO DE 2012.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ó mes de xuño-xullo de 2012 por importe de 431,72€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D^a YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Yolanda López López, con D.N.I. nº 33.994.312-J, con domicilio en c/Apeadero, 18 3º D (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GÓMEZ GÓMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato, por importe de 120,00€.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte-Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MONTSERRAT SANCHEZ PIGUEIRAS.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Montserrat Sánchez Pigueiras con D.N.I. nº 76.569.653-P, con domicilio en Gondar, 9 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con CIF nº J273915556 , con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de un xato con 2 días, por importe de 120,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con CIF nº J273915556 , con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de un xato con 1 día, por importe de 120,00€.

D.7) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE MONTES “LAXAMOURA” DE SUBVENCIÓN PARA FEIRA DE GANDO SAN BARTOLO 2012.

Visto o escrito presentado pola Comunidade de Montes Laxamoura, con CIF: V-27106988 e domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor da Comunidade de Montes “Laxamoura”, para o desenvolvemento da Feira de San Bartolo, e por importe de 2.000€.
- 2º) De acordo coa Base 44^a das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 1.400 €. Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).

3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentarase novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.

8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida.

9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente.

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.8) ESCRITO DA ASOCIACIÓN EQUINA “A MEDELA” PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN 2012 CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO RESTANTE DE PAGO.

Visto o escrito presentado pola Asociación Equina “A Medela”, no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 15 de maio de 2012, para a actividade de XVI Feira de Gando Cabalar en Lago-2012.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do restante da axuda concedida, e que ascende a 10 Euros. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.9) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA BOLOS

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras da tirada de bolos anual “Concello de Xove” que se transcribe de seguido:

BASES REGULADORAS DA TIRADA DE BOLOS ANUAL “CONCELLO DE XOVE”

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual do Concello de Xove, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da Tirada de Bolos anual “Concello de Xove”, que inclúe a XXIV Liga Sénior masculina, XIII Liga Sub18 e IV Liga Sénior Feminina.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Tanto na Liga Sénior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 18, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 18 anos. Caso de cumprir os 18 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 18 ata a finalización do mesmo.

Non obstante, os rapaces ou rapazas menores de 18 anos que opten por participar en calquera das dúas ligas sénior, deberán declinar a súa participación na Liga Sub 18.

A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.

TERCEIRA.- TIRADAS E NORMAS

As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comezo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.

Nas distintas convocatorias anuais se determinarán os lugares e días das tiradas así como as datas de inicio e fin do campionato.

CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 4.965,00 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Municipal).

Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 1.800,00 euros, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 3.165,00 euros. Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

QUINTA.- PREMIOS

Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.

A) Premios por tirada.

	<u>LIGA SENIOR M.</u>	<u>LIGA SUB 18</u>	<u>LIGA SENIOR F.</u>
1º Premio.....	25 EUROS.....	15 EUROS.....	15 EUROS
2º Premio.....	20 EUROS.....	10 EUROS.....	10 EUROS
3º Premio.....	20 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS
4º Premio.....	20 EUROS		
5º Premio.....	20 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	5 EUROS.....	5 EUROS.....	5 EUROS

B) Premios finais

	<u>LIGA SENIOR M.</u>	<u>LIGA SUB 18</u>	<u>LIGA SENIOR F.</u>
1º Premio.....	200 EUROS.....	90 EUROS.....	90 EUROS
2º Premio.....	150 EUROS.....	75 EUROS.....	75 EUROS
3º Premio.....	100 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS
4º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
5º Premio.....	75 EUROS.....	30 EUROS.....	30 EUROS
6º Premio.....	50 EUROS		
7º Premio.....	50 EUROS		
8º Premio.....	50 EUROS		
9º Premio.....	50 EUROS		
10º Premio.....	25 EUROS		
11º Premio.....	25 EUROS		
12º Premio.....	25 EUROS		
PREMIO Á MELLOR BOLADA.....	50 EUROS.....	50 EUROS.....	50 EUROS

A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga sénior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 euros, 50 euros e 25 euros.

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

SEXTA.- PROCEDIMIENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematada cada tirada, o técnico municipal de cultura, ou no seu caso, o representante municipal ao efecto, emitirá informe coa relación de gañadores segundo as normas a que se refire a Base Terceira. Os premios das tiradas serán entregados en efectivo debendo asinarse polo perceptor no momento da súa recepción. Para os premios finais, elaborárase polo técnico municipal de cultura un informe final a xeito de proposta detallando a relación de beneficiarios segundo a puntuación obtida, indicando o seu nome e dirección, D.N.I. e número de conta bancaria así como representante legal para o caso de menores de idade. Sobre dito informe-proposta resolverá a concesión dos premios a Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación do DNI e calquera outra documentación da que sexa necesario dispor supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Aproba-las bases reguladoras da Tirada de Bolos anual “Concello de Xove”
- 2º) Proceder á convocatoria pública dos premios da Tirada 2012-2013.
- 3º) Autorizar o gasto de 1.800,100€ con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para o vixente Orzamento Municipal para o exercicio 2012 e que con cargo ó orzamento do exercicio 2013 se consigne crédito suficiente por importe de 3.165,00€ para facer fronte á execución do gasto correspondente ás tiradas de xaneiro a marzo e aos premios finais.
- 4º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboeiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.10) SOLICITUDE DE D. MANUEL RODRIGUEZ GARCÍA, DE BAIXA EN VADO PERMANENTE Nº 25 SITO EN AVDA. DIPUTACIÓN, 40 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Manuel Rodríguez García con D.N.I. nº: 32.566.051-Y con domicilio en Avda. Diputación, 40 (27870 Xove) que solicita a baixa do vado permanente nº 25 para unha entrada de vehículos sito en Avda. Diputación, 40 (27870 Xove).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

- *1º.-A baixa do vado que se solicita, queda condicionado a estar o corrente das anualidades correspondentes, así coma ao pago dos gastos de restitución da beirarua, se fose necesario, ao seu orixinal estado.(sin vado).*
- *2º.-Ditas obras faranse por medio da brigada municipal que unha vez evaluados os gastos correspondentes se facturarán ao interesado, ou ben ditas obras de restitución pode facelas o interesado previa a comprobación por parte dos servizos técnicos municipais do estado da beirarrúa unha vez rematados estes traballos.*
- *3º.-A baixa definitiva farase unha vez constatados os apartados anteriores.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

- 1º) Autorizar a baixa do devandito vado permanente nº 25 según o sinalado polo Arquitecto Técnico Municipal
- 2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.11) SOLICITUDE DE D. ANTONIO PERNAS GOMEZ, DE VADO PERMANENTE EN CAMIÑO REAL S/N (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Antonio Pernas Gómez con D.N.I. nº: 33.764.361-Q con domicilio en Veiga, 40 (27879 Rigueira) que solicita un vado permanente para unha entrada de vehículos en Camiño Real S/N con unha anchura de 3 metros.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal que sinala o seguinte:

- *1º.-Infórmase favorablemente a concesión do vado que se solicita, sempre e cando non afecte o acceso a terceiros.*

- 2º.-O rebaixe e pintado de beirarrúa efectúarase de acordo coas prescricións técnicas municipais, non podendo iniciarse os traballos, en tanto en canto non se reformule por parte dos servizos técnicos deste concello, dito vado.
- 3º.-Si as obras realízanos os servizos de obras municipais ó custo dos traballos rexeranse de acordo co vixente acordo regulador do prezo público pola prestación de servizos mediante persoal, maquinaria e outros medios municipais.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase :

1º) Conceder o vado permanente solicitado.

2º) Previo ó inicio das obras por parte dos Servizos Municipais, deberá aportar nas oficinas municipais o pertinente xustificante bancario do pago da liquidación practicada.

D.12) LIBRAMENTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A VIVENDA HABITADA A D. JESÚS PEDRE LESTEGÁS EN VILARIÑO, 3 MONTE.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pedre Lestegás, con D.N.I nº: 33.704.983-R con domicilio en Vilariño, 3 (27879 Monte) de libramento da subvención concedida na Xunta de Goberno Local de 19 de agosto de 2011 por haberse rematado as obras de acondicionamento de accesos á vivenda unifamiliar.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras encóntranse totalmente executadas, e dacordo cos parámetros contemplados na licenza de obra, podendo outorgarse a subvención correspondente.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da subvención concedida por importe de 300 €.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

D.13) RECURSO PRESENTADO POR D. ARGIMIRO CASTRO PALEO CONTRA A LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN E OBRAS DERIVADO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 DE MAIO DE 2012. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta da solicitude de D. Argimiro Castro Paleo, con DNI:33.704.696-J, con domicilio en Camba, SN (27870 Xuances Xove) do epígrafe e da documentación complementaria presentada polo Arquitecto D. Alvaro J. López Aenlle.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal con data 13 de xullo de 2012 que se transcribe a continuación:

1º.-Na data 02-05 de 2012, emitiuse informe favorable a Solicitude de declaración de incursión en la situación legal de fora de ordenación total de edificación.

Disposición transitoria terceira da lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación de lei 9/2001, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

2º.-Habida conta que na documentación presentada, non se aportaba valoración comprensiva das obras a legalizar fixése a valoración de acordo cos módulos de valoración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que para este Concello de Xove establece:

Módulo básico.(Mb): 470,00€ m/2.-

Coefficiente de tipoloxía (Ct):Edificación illada:1,20

Coefficiente de uso (Cu):Vivenda:1,10

$Mc=MbxCtxCu;$

3º.-Habida conta que por parte do arquitecto autor da legalización D.Alvaro J.López Aenlle, apórtase documentación complementaria comprensiva da obra a legalizar así como a valoración correspondente, procede a liquidación provisional de ditas obras corrixíndose a anterior liquidación.

4º.-LIQUIDACIÓN: Orzamento presentado na documentación anexa:24.200,00€

Liquidación provisional de edificio.

Imposto sobre construcións.(ICIO)...2% s/p.e.m.....484,00.

Pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda:

1º) Estima-la solicitude presentada e na súa consecuencia anula-la liquidación do ICIO practicada e no seu lugar efectuar unha nova liquidación, consonte ao informado polos servizos técnicos municipais.

2º) Aproba-la nova liquidación do Imposto sobre Construcións e Obras que presenta o resumo seguinte:

▪ Base imponible	24.200,00 €
▪ ICIO (2%)	484,00€

3º) A notificación ó interesado os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

